

En Santiago, a 22 de agosto de 2016

Estimada Sra./Sr. Presidente:

A Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agoalimentarias, AGACA, é líder do proxecto Interreg Sudoe, **AGROSMARTcoop**, recentemente aprobado pola Autoridade de Xestión do Programa Interreg Sudoe.

O proxecto **AGROSMARTcoop** «*Espazo para a integración, a competitividade e o crecemento económico intelixente das cooperativas agroalimentarias do espazo rural SUDOE*» abrangue 6 rexións do espazo SUDOE (Galicia, Castilla- A Mancha, Euskadi e Estremadura – ES, Aquitaine – FR e Norte de Portugal - PT) e busca paliar as desvantaxes das súas zonas rurais, así como favorecer o desenvolvemento e a cohesión económica, a través da xeración de capacidades e a busca de solucións transnacionais más eficientes e efectivas para apoiar as cooperativas agroalimentarias nas súas necesidades específicas e mellorar a súa competitividade.

O seu obxectivo principal é crear un espazo de promoción, interconexión e interacción intelixente dotado de estruturas, ferramentas e servizos avanzados de apoio ás cooperativas agroalimentarias do SUDOE para mellorar na innovación tecnolóxica, de xestión e de comercialización a través do fomento do coñecemento, as boas prácticas e a intercooperación.

Por medio da presente, convidamos a Vostede a participar na XORNADA DO PRIMEIRO ENCONTRO TRANSNACIONAL AGROSMARTCoop de cooperativas de España (Galicia, Estremadura, Castela-A Mancha e Euscadi, Portugal (Norte) e Francia (Aquitania) que se celebrará o vindeiro 6 de setembro (martes) de 09:00 h ata as 13:30 h., con comida posterior, no Hotel Puerta del Camino, C/ Miguel Ferro Caaveiro, s/n, 15703 Santiago de Compostela. Achegamos programa adxunto coas intervencións previstas.

Para unha mellor organización, pregamos confirme asistencia chamando ao 981.58.49.11 ou mediante correo a [berta.agaca@gmail.com](mailto:berta.agaca@gmail.com) Recibe un cordial saúdo.

  
Asdo.: D. José Montes Pérez

Presidente de AGACA

Santiago de Compostela. Rúa Tomiño, nº 22 - Soto. 15703 - Stgo. de Compostela. A CORUNA. Aptdo.: 2069. T 981 584 783 - 981 584 911 F 981 571 730 [agaca@agaca.coop](mailto:agaca@agaca.coop)  
Lugo. Rúa Poeta Noriega Varela, nº 30 - Etplta. 27004 - Lugo. LUGO. T 982 201 514 - 982 201 543 F 982 202 056 [agacalugo@agaca.coop](mailto:agacalugo@agaca.coop)  
Ourense. Rúa Bedoya, nº 7 - 2º - Of. 1. 32004 - Ourense. OURENSE. T 988 242 481 F 988 242 480 [agacaorense@agaca.coop](mailto:agacaorense@agaca.coop)

[www.agaca.coop](http://www.agaca.coop)

